

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA
28 DE ABRIL DE 2017**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ

BERNARDO VARELA LÓPEZ
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ

MANUEL CID PÉREZ
ALBERTO CONDE RODRIGUEZ

MARIA ISABEL POISA REY
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as TRECE HORAS (13:30) do día VINTEOITO de ABRIL do DOUS MIL DEZASETE, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión ordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asisten á sesión:

- MARIA TERESA DEVESA GRAÑA, concelleira do BNG
- MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ concelleira do PP.

Previamente comunicaron a súa ausencia por razóns persoais.

Sen incidencias.

ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 31.03.2017.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **Adhesión ás medidas de ampliación do período de carencia (tres anos) e de amortización dos préstamos formalizados co Fondo para a Financiación dos Pagos a Proveedores aprobadas pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos mediante acordo de data 2 de marzo de 2017.- Solicitud, se procede.**
4. **REATUR,SA.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Reatur, SA, aprobación, se procede, da conta anual do exercicio 2016.**
5. **MEDIOAMBIENTAL ALARICANA, SL.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Medio Ambiental Allaricana, SL, aprobación, se procede da conta anual do exercicio 2016.**
6. **MEDIOAMBIENTAL ALARICANA, SL.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Medio Ambiental Allaricana, SL, aprobación, se procede, da disolución da sociedade por cese no exercicio da actividade e apertura do proceso de liquidación da mesma.**
7. **Rogos e Preguntas.**

---&&&---

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 31.03.2017.**

Apróbase, sen modificación alguna, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.

3. **Adhesión ás medidas de ampliación do período de carencia (tres anos) e de amortización dos préstamos formalizados co Fondo para a Financiación dos Pagos a Proveedores aprobadas pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos mediante acordo de data 2 de marzo de 2017.- Solicitud, se procede.**

Da conta o alcalde sinalando que, para os préstamos subscritos co Banco Santander e con La Caixa coa finalidade de pago aos provedores ábrese a posibilidade reglada de solicitar unha

ampliación do período de amortización con tres anos de carencia para aqueles concellos que o soliciten. Tal como xa se comentou na comisión de facenda, o grupo de goberno considera que esta posibilidade permitiría priorizar o pagamento das pólizas de crédito en vigor, que son as que ademais dificultan o resultado do remanente de tesourería. Os recursos que se liberan durante o período de carencia dos préstamos poderían adicarse precisamente á cancelación das pólizas de tesourería e a mellorar o comportamento do período medio de pago a provedores e mesmo para poder atender algún gasto extraordinario que o concello teña que facer. Concretamente, hai unha resolución xudicial pendente de firmeza por danos ocasionados con ocasión da festa do boi pola caída do banco que hai na zona da Santo Estevo. Polo tanto, o BNG considera oportuno que se acorde polo Pleno esta solicitude de acordo co plan de saneamento financeiro que se propón para cumprir os obxectivos sinalados e votará favorablemente a proposta.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que o seu grupo tamén vai votar a favor da proposta e agarda que as intencións que se acaban de expresar polo alcalde sexan unha realidade e nos sirvan para ir acabando coa práctica das operacións de tesourería, que tantas veces se renovan que o PP considera operacións a longo encubertas, ao tempo que, con esta ampliación do prazo de amortización e carencia alixeira a carga do endebedamento para poder acometer outro tipo de gastos en infraestruturas necesarias. Apoian o petición pero estarán vixiantes para que se cumpran os obxectivos propostos.

Polo grupo municipal socialista, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, adianta que vai apoiar a proposta tal como xa fixo na comisión de facenda pero pide que se aclare por qué non aparecen incluídos no cadro de préstamos que se verían afectados por estas medidas todos os préstamos que si aparecen nos orzamentos do 2017, concretamente non aparece un préstamo formalizado con Nova Galicia Banco.

Explica o alcalde, na intervención final deste punto, que, efectivamente, dos tres préstamos que o concello ten formalizados a longo prazo, as medidas de ampliación do período de amortización con tres anos de carencia, unicamente se refiren aos préstamos formalizados coa finalidade do pago a provedores; o préstamo formalizado con Abanca continuará co cadro ordinario de amortización, os outros dous, os formalizados con La Caixa e Banco Santander, que son os que se ven afectados por esta medida, pagaríanse ata o 31 de maio as cuotas ordinarias previstas e a partir do 31 de maio habería un novo cadro de amortización conforme prevén as medidas de carencia e ampliación da amortización.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado no que figura un resumo dos aspectos máis relevantes da Resolución de data 29 de marzo de 2017 da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local que abre a posibilidade aos concellos de solicitar a ampliación do período de carencia e do de amortización dos préstamos formalizados co Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores entre 2012 e 2016 que se atopan nalgunha das seguintes situacións:

- A.) Situación de risco financeiro pola concorrencia das situacións recollidas no artigo 39.1.a) Real Decreto lei 17/2014.
- B.) Liquidación do exercicio 2015 cuns ingresos correntes inferiores á suma dos gastos correntes e da estimación da cota anual dos préstamos formalizados co Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores e co Fondo de Ordenación ata o ano 2016.
- C.) **Liquidación do exercicio 2015 cun remanente de tesouraría para gastos xerais axustado con signo negativo.**

A Resolución de 11 de abril de 2017 da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local amplía o prazo de presentación de solicitudes o 28 de abril de 2017 accedendo á aplicación que estará dispoñible na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades locais, na páxina web do Ministerio de Facenda e Función Pública.

Tendo en conta que, efectivamente, o concello de Allariz atópase na situación descrita no apartado primeiro C) da Resolución de 29 de marzo de 2017 da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, tal e como se reflicte na aplicación da OVEELL habilitada para o efecto por presentar na liquidación do exercicio 2015 un remanente de tesouraría para gastos xerais axustado con signo negativo de -392.225,55€, que xa foi correxido na primeira sesión plenaria celebrada despois da aprobación da liquidación mediante acordo de data 31.03.2016 con minoración do orzamento por anulación de créditos por igual importe, non obstante reconece que a ampliación do prazo de amortización e a concesión de tres anos de carencia é unha medida

positiva porque reduce as cuantías das cuotas de amortización e libera unha cifra importante de recursos que estaban sendo destinados a amortización de capital, o cal vai permitir: 1) Reducir os saldos das obrigas pendentes de pago por operacións non orzamentarias nas que se integran as operacións de crédito a curto prazo e, 2) Mellorar o comportamento do Período Medio de Pago a Proveedores (PMP), actualmente fixado en 57,05.

De conformidade co informe favorable da comisión de facenda do 21.04.2017;

O Pleno, *pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local,*

ACORDA:

PRIMEIRO. Solicitar a modificación das condicións financeiras dos préstamos formalizados no marco de aplicación do Fondo para o Financiamento dos Pagos a Proveedores, para poder ampliar o período de carencia en tres anos, así como o prazo de amortización, mantendo os tipos de interese que estiveren fixados e que se estiveren aplicando.

SEGUNDO. Achegar a documentación requirida que acredite o cumprimento da condicionalidade fiscal esixida de conformidade cos apartados terceiro e cuarto da Resolución de 29 de marzo de 2017.

TERCEIRO. Aprobar o Plan de Saneamento Financeiro con vixencia de cinco anos, para o período 2017-2021, de acordo co pronunciamento favorable da Secretaría-Intervención desta Corporación.

CUARTO. Remitir a solicitude e a información necesaria respecto diso a través da aplicación de captura habilitada para o efecto na OVEELL.

4. REATUR,SA.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Reatur, SA, aprobación, se procede, da conta anual do exercicio 2016.

Da conta a concelleira de promoción económica e concelleira delegada da empresa Reatur, SA, Cristina Cid Fernández, sinalando que, por razón do cumprimento dos prazos legais, é preciso proceder á aprobación da conta de Reatur correspondente ó exercicio 2016 e precisamente para que, posteriormente se integre na conta xeral do concello.

En canto ós obxectivos da empresa para o 2016, sinala a concelleira, recorda que a empresa municipal foi creada no ano 1992 coa finalidade de crear infraestrutura turística e tamén para dotar ó concello dunha ferramenta que fixera posible a dinamización económica de todo o patrimonio e servizos que a nivel turístico se estaban pondo en funcionamento en Allariz. Estes son os obxectivos para os que foi creada a empresa municipal e polo tanto corresponde ver se se teñen cumprido, neste caso, a través da conta do ano 2016. Así, o número de persoas que atendeu Reatur durante o 2016 foi dunhas 20.000, concretamente, 19.628, n as instalacións da hípica, camping, bungalós, cafetería (contabilizados só os grupos de visitantes) excursións e visitas. Estas constitúen unha facturación importante, practicamente uns 60 mil euros, que reflicten un aumento do número de visitantes (207 grupos, 9.315 persoas). Considera importante este dato porque os visitantes veñen non tanto polo gasto en publicidade senón por recomendación doutros visitantes o cal é un elemento a ter en conta porque reflicte o grao de satisfacción dos visitantes. A facturación polas instalacións do camping e a hípica, uns 180.000 euros, que sumados os provintes das demais actividades xestinadas da a cifra total de negocio de 364.355 euros. Sobre os préstamos que Reatur ten pendentes de amortizar con tres entidades asenden a 108.013,71€, que no 2015 eran de 145.000€, explica tamén o obxectivo fixado de diminución desta partida; préstamos que foran concertados para crear a infraestrutura que ten Reatur. O exercicio pechouse cun patrimonio valorado en dous millóns de euros data que da tamén a idea do esforzo que se ten feito na dotación de infraestruturas públicas. O resultado da conta finalmente é de 18.193,64€ e, en materia de persoal volveuse aos importes de gasto do 2014. Conclúe sinalando que Reatur está ó día no pago con todos os provedores e administracións, tanto con Facenda como coa Seguridade Social, polo tanto cree que se están cumprindo os obxectivos previstos, estase producindo unha recuperación da actividade turística e espera que ó longo do ano 2017, coas reservas e as contratacións para grupos feitas fagan posible a recuperación paulatina da facturación, de diminución dos préstamos concertados, continuar coa dinamización económica de Allariz e incremento do número de visitantes, sen que elo sexa unha carga para a actividade ordinaria da empresa.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que o tema da aprobación das contas das empresas, aínda recoñecendo que o groso das contas trasládase á conta xeral, o certo é que resulta un pouco paradóxico que se teñan que aprobar estas contas sen pasar pola comisión de facenda co cal os grupos da oposición poden xerárselle dúbidas con respecto a este procedemento. Dado que a concelleira se estendeu un pouco na súa explicación, a portavoz dexa puntualizar que, xa que se está tramitando a ordenanza da transparencia, sería bo que os grupos poideran coñecer realmente as contas das empresas, é dicir, coñecer todos os soportes documentais de toda a actividade que se dí que se fai, que ata a data os grupos non poden comprobar nunca, non se poñen a disposición dos concelleiros e da comisión especial de contas como se fai coa conta xeral do concello. O PP non vai apoiar as contas, sinala, precisamente porque se teñen que creer o que a concelleira lle conta, e ela en particular é bastante escéptica sobre esta cuestión e coa realidade que despois nos atopamos. Polo tanto, é preciso coñecer a relación de traballadores, os contratos, as funcións que desempeñan, toda a documentación que soportan todos os ingresos e gastos desta empresa, que por un lado parece que xestiona toda actividade turística de Allariz e por outro non queda claro porque hai temas que se fan por Reatur, outros que se fan directamente polo concello, como as entradas ó festival de xardíns e demais, e polo tanto parece que hai unha vía de escape ó control que lle corresponde como órganos fiscalizadores das contas das empresas que agora queda opaco para os grupos e para a poboación en xeral. Considera tamén axeitado neste momento que se poña enriba da mesa a conveniencia deste tipo de organismos, empresas... polas razóns expostas porque se escapan completamente ao control fiscalizador que poden facer os grupos políticos, e probablemente xa non están cumprindo cos principios de transparencia e acceso á información pública que se lle fai ós concellos, que está moi fiscalizada, pero que coas empresas non pasa o mesmo, e poden parecer empresas mais de tipo político que de bens e servizos para os cidadáns. Sería importante, sinala, que se integrasen no funcionamento do concello, que pasasen a formar parte da estrutura do concello, e que se fosen liquidando porque cree que neste momento non teñen razón de ser, ou se decide claramente qué leva e qué xestiona Reatur ou directamente que se faga desde o concello e se poda fiscalizar como se fai con todas as contas do concello. Agora, o que se ten é o resume das contas que se dan, e cando que se teña toda a documentación e se poda comprobar nise momento se poderá empezar a falar en serio das empresas e demais. Espera da concelleira de promoción económica que se lle explique o tema do persoal documentalmente para ver exactamente qué se fai, porque no 2014 e 2015 houbo diferencias, mesmo con respecto ó propio posto que ocupaba a propia concelleira, de forma non apropiada, que non cumpría coa legalidade vixente o posto que ocupaba como xerente ou como traballadora, aspecto do que nunca de deron datos, nunca apareceron os contratos, e que finalmente para resolver a situación pasou a ser, como probablemente sempre debeu ser, unha adicación exclusiva do concello e non cobrar de Reatur porque entraba en contradición co que se estaba declarando, porque era incompatible co posto de concelleira e tenente de alcalde. Cando todas estas cousas queden claras, sinala, quizá se poidan apoiar as contas de Reatur, mentran tanto, a súa posición vai seguir sendo que non, a espera ademais de poder ver toda a documentación que respalda os datos da conta rendida.

Polo grupo municipal socialista a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, sinala que se vai abster por razóns persoais de ética política non quere participar naquelas xestións nas que non participa a fondo e non coñece pormenorizadamente, por esta razón, por ética política, prefere dar un voto de abstención.

Intervén finalmente o alcalde para sinalar que, aínda que xa se teña dito moitas veces, convén recordar que Reatur é unha empresa de capital cen por cen municipal, unha sociedade anónima municipal que está dentro da estricteza da legalidade, que os concelleiros que forman parte da corporación xunto co Sr. Alcalde todos teñen coñecemento exhaustivo a través do orzamento municipal e da conta xeral, polo tanto non é algo que esté no limbo e sexa descoñecido; por certo, sinala, cando non se quere falar das cifras sempre se recorre a algún tipo de nebulosa e reitera que non houbo ningún tipo de ilegalidade no desempeño do cargo por Cristina Cid, así quedou acreditado. Estas contas non van á comisión de facenda de acordo cos criterios expresados polo Sr. Secretario pois ó constituírse o Pleno en Asamblea Xeral da empresa a conta da sociedade asume a competencia que lle corresponde sen necesidade do dictamen dunha comisión que é un órgano complementario que informa os asuntos do Pleno, obviamente, irán á comisión cando a conta da empresa quede integrada na conta xeral do concello. Neste caso, como en todas as sociedades anónimas síguese o procedemento reglado que teñen estas sociedades. Neste caso, os accionistas son todos os veciños de Allariz a través do propio concello e todos teñen unha información contrastada. Sobre a xestión do servizo a través dunha empresa ou por unha concellería, explica que sería bastante complexo pensar que o concello tivera ingresos de cafetería ou dos servizos de acampada; parece lóxico que eso sexa un servizo especializado a través dunha sociedade anónima. Pero, reitera o Alcalde non ter ningún reparo en que se coñeza con detalle esta actividade porque os ingresos, p. ex. de 60.000€ polos visitantes responde a unha facturación específica de grupos multiplicado polo prezo que cada un paga por esa atención. Considera que a

empresa segue sendo un instrumento moi acaído para funcionar con especialización, porque un camping, unha hípica, un centro de outlets, e demais servizos de características similares están mais no entorno do que é unha sociedade anónima que do entorno do que sería unha concellería municipal.

Polo exposto,

O Pleno, constituído en Xunta Xeral de Reatur S.A., acorda, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros do BNG (8), co voto en contra dos concelleiros do PP (2) e coa abstención da concelleira do PSdeG-PSOE (1), aprobar as seguintes propostas:

PRIMEIRO. Nomear Presidente e Secretario da Xunta Xeral de REATUR, SA., empresa de capital integramente municipal:

Presidente: Francisco García Suárez, Alcalde.

Secretaria: María Cristina Cid Fernández, Concelleira de Promoción Económica.

SEGUNDO. Aprobar as contas anuais correspondentes ao exercicio 2016, pechado o 31 de decembro de 2016.

TERCEIRO. Aplicar o resultado nos seguintes termos:

<i>BASE DE REPARTO</i>	<i>2016</i>
<i>Perdas e ganancias</i>	<i>1.819,37</i>

CUARTO. A sociedade cumpre as condicións para formular as contas anuais de forma abreviada por concorrer as seguintes circunstancias durante os dous últimos exercicios:

BALANCE E ECPN ABREVIADO

	<i>Límite</i>	<i>2016</i>	<i>2015</i>
<i>Cifra anual de negocios</i>	<i>5.700.000,00</i>	<i>264.946,33</i>	<i>262.385,84</i>
<i>Total activo do Balance</i>	<i>2.850.000,00</i>	<i>2.083.594,50</i>	<i>2.190.511,11</i>
<i>Nº medio de traballadores</i>	<i>50,00</i>	<i>5,49</i>	<i>6,29</i>

PERDAS E GANANCIAS ABREVIADO

	<i>Límite</i>	<i>2016</i>	<i>2015</i>
<i>Cifra anual de negocios</i>	<i>22.800.000,00</i>	<i>264.946,33</i>	<i>262.385,84</i>
<i>Total activo do Balance</i>	<i>11.400.000,00</i>	<i>2.083.594,50</i>	<i>2.190.511,11</i>
<i>Nº medio de traballadores</i>	<i>250</i>	<i>5,49</i>	<i>6,29</i>

QUINTO. As Contas Anuais do exercicio 2016, foron aprobadas polo Pleno da Corporación local, constituído en Xunta Xeral da sociedade mercantil e constan de 20 páxinas, cuxos exemplares se achegan á presente certificación en soporte magnético. Os devanditos documentos non foron sometidos a verificación de auditor, conforme o artigo 263.2 do RD Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital.

SEXTO. Facultar á Conselleira Delegada da entidade, Da. MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ, para que compareza no Rexistro Mercantil e formalice as rendicións e declaracións das contas oportunamente.

5. MEDIOAMBIENTAL ALARICANA, SL.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Medio Ambiental Allaricana, SL, aprobación, se procede da conta anual do exercicio 2016.

(Acétase unha exposición conxunta dos dous puntos referidos a esta empresa, se ben a votación será separada para cada ún deles).

Da conta o concelleiro de medio ambiente, Bernardo Varela López, sinalando que, a diferenza do caso de Reatur, trátase dunha empresa que tivo os seus inicios no ano 1997 a raíz da creación de Allarluz. Esta empresa permitía a sinatura de convenios directos coa Xunta de Galicia por aquél entón para desbroces e ese aporte de material para Allarluz; esto a día de hoxe deixou de poder materializarse, a Xunta de Galicia non ten ese aporte económico para facer esta serie de funcións. Medio Ambiental Alaricana durante un tempo seguiu tendo sentido pola xestión dunha explotación de cabras que permitía manter limpa unha zona de Queiroás mediante o pastoreo desta zona, pero desgraciadamente tamén, en boa medida pola crise económica e coa caída das axudas da Unión Europea non podía manterse en situación de equilibrio económico desde o punto de vista da xestión pública. Por todos estes motivos, xa se leva dous anos sen actividade como se pode comprobar coas contas que se presentan por elo se prantexa no seguinte punto a disolución por este motivo da sociedade.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que, ao mellor por un erro involuntario, a conta desta empresa, aínda que non ten actividade, non se lles remitiu aos grupos. É un tema que non se puxo en coñecemento porque xa sabía que como todo elo se vai a incluír na conta xeral do concello habería tempo para poder examinala, porque entenden que foi un erro involuntario que non ten maior transcendencia. En relación coa disolución que se propón é importante e quere que conste en acta que, aínda non tendo neste momento o resultado da conta da empresa, para liquidar esta empresa recorda que esta empresa tiña un préstamo con Reatur entón, é preciso saber cómo se devolve, en qué situación económica queda eso porque non é un proceso tan sinxelo; habrá que revisar con calma ese tema ou senón que o aclare o Sr. Secretario hoxe se o considera oportuno ou nas comisións de facenda, porque con eses temas hai que ser prudentes, son coñecedores de que a empresa non tiña actividade pero hai que saber qué pasa con ese crédito que había con Reatur que, aínda que non era unha cuantía importante, ahí estaba.

Non hai intervención por parte da portavoz do grupo socialista.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que, en relación coa documentación, recorda que se sole remitir toda a documentación que se ten dixitalizada, igual que se remitiu a conta de Reatur, aínda que, polo que se ve, tampouco vale, pero aínda que non se remita sempre está a disposición dos concelleiros desde a convocatoria que é a obriga que hai desde que se convoca o Pleno, non hai obriga legal de remitir documentación algunha. En relación con esta empresa, hai dous puntos: un é a aprobación da conta xeral da empresa e outro iniciar o procedemento de disolución, que se votarán independentemente. O grupo de goberno entende que neste momento, con independencia do que haxa que facer, de cálexa a situación patrimonial desta empresa será un proceso que se iniciará e que habrá ocasión incluso de poder contrastalo e analizarase con todo detalle.

Antes de someter os asuntos a votación, a portavoz do grupo municipal do Partido Popular aclara que, en relación con Reatur, igual que ocorre coa conta xeral, queren ter acceso ó soporte documental dos datos que reflicten estas memorias económicas, nada máis. Se o portal de transparencia estivese funcionando neste concello e non tivera que estarse tramitando a súa ordenanza por iniciativa do grupo municipal socialista, que xa se tiña reclamado moitas veces, esta mesma información estaría colgada no portal da transparencia na páxina web do concello. Niste senso, pídelles ó Sr. Alcalde que lles conteste con respecto ós concelleiros da oposición aínda que o que digan non lle guste.

Conclúe o Sr. Alcalde sinalando que lles contestou con respecto pero non acepta sen máis as súas opinións e reitera que non hai ningún incumprimento da convocatoria deste pleno polo feito de non ter enviado unha documentación específica a cada compoñente da corporación municipal, porque a normativa o que esixe é que desde a convocatoria, a documentación ten que estar a disposición dos sres concelleiros. Recorda que non se impide o labor dos grupos da oposición senón que se fomenta a súa participación en mesas de contratación, en tribunais, en todos os procesos de selección, cousa que non ocorre na inmensa maioría dos concellos e institucións que él coñece.

Dito esto sométense os asuntos por separado a votación empezando pola conta da empresa Medio Ambiental Alaricana co seguinte resultado:

Polo exposto,

O Pleno, constituído en Xunta Xeral da sociedade municipal MEDIOAMBIENTAL ALARICANA S.L, acorda, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros do BNG (8), co voto en contra dos concelleiros do PP (2) e coa abstención da concelleira do PSdeG-PSOE (1), aprobar as seguintes propostas:

PRIMEIRO. Nomear Presidente e Secretario da Xunta Xeral de MEDIOAMBIENTAL ALARICANA S.L, empresa de capital integramente municipal:

Presidente: Francisco García Suárez, Alcalde.

Secretaria: M^a Cristina Cid Fernández, Concelleira de Promoción Económica

SEGUNDO. Aprobar as contas anuais correspondentes ao exercicio 2016 pechado o 31 de decembro de 2016.

TERCEIRO. Aplicar o resultado nos seguintes termos:

BASE DE REPARTO	2016
Perdas e ganancias	0,70

CUARTO. A sociedade cumpre as condicións para formular as contas anuais de forma abreviada por concorrer as seguintes circunstancias durante os dous últimos exercicios:

BALANCE E ECPN ABREVIADO

	Límite	2016	2015
Cifra anual de negocios	5.700.000,00	0,00	1.500,00
Total activo do Balance	2.850.000,00	75.897,24	77.563,97
Nº medio de traballadores	50,00	0	0

PERDAS E GANANCAIS ABREVIADO

	Límite	2016	2015
Cifra anual de negocios	22.800.000,00	0,00	0,00
Total activo do Balance	11.400.000,00	75.897,24	77.563,97
Nº medio de traballadores	250	0	0

QUINTO. As Contas Anuais do exercicio 2016, foron aprobadas polo Pleno da Corporación local, constituído en Xunta Xeral da sociedade mercantil e constan de 26 páxinas, cuxos exemplares se achegan á presente certificación en soporte magnético. Os devanditos documentos non foron sometidos a verificación de auditor, conforme o artigo 263.2 do RD Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital.

SEXTO. Facultar D. BERNARDO VARELA LÓPEZ, en calidade de Administrador Único da sociedade unipersoal pública, para que compareza no Rexistro Mercantil e formalice as rendicións e declaracións das contas oportunamente.

7. MEDIOAMBIENTAL ALARICANA, SL.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Medio Ambiental Allaricana, SL, aprobación, se procede, da disolución da sociedade por cese no exercicio da actividade e apertura do proceso de liquidación da mesma.

Polo exposto,

O Pleno, constituído en Xunta Xeral de da sociedade municipal MEDIOAMBIENTAL ALARICANA S.L, acorda, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros do BNG (8), co voto en contra dos concelleiros do PP (2) e coa abstención da concelleira do PSdeG-PSOE (1), aprobar as seguintes propostas:

PRIMEIRO. Nomear Presidente e Secretario da Xunta Xeral de MEDIOAMBIENTAL ALARICANA S.L, empresa de capital integramente municipal:

Presidente: Francisco García Suárez, Alcalde.

Secretaria: M^a Cristina Cid Fernández, Concelleira de Promoción Económica

SEGUNDO. Aprobar a seguinte proposta presentada polo Administrador Único da Sociedade, D. Bernardo Varela López:

PROPOSTA DE DISOLUCIÓN DA SOCIEDADE

I. Antecedentes.-

1. A sociedade Medio Ambiental Alaricana, SL foi constituída polos representantes legais da compañía de capital cen por cen municipal, Reatur S.A., mediante escritura pública outorgada na data do 6 de marzo de 1997, diante o Notario, D. Ernesto Alonso Rivero, con residencia en Ourense. Núm. de protocolo 895.
2. A sociedade Medio Ambiental Alaricana S.L. tiña por obxecto declarado a “xestión e tratamento medioambiental”, podendo así mesmo “desarrollar as actividades integrantes do obxecto social total ou parcialmente de modo indirecto, mediante a titularidade de accións ou participación noutras sociedades con obxecto idéntico ou análogo” (artigo 3 dos estatutos).

Neste tempo, a sociedade veu realizando, fundamentalmente, traballos de aproveitamento da biomasa forestal dos montes de Allariz, limpeza das beiras dos camiños rurais e, nos últimos anos, tamén tivo encomendada a xestión dunha explotación de gando cabrún.

A actividade principal era o aproveitamento da biomasa forestal que se achegaba e abastecía ás instalacións da empresa Allarluz, SL, sita no parque empresarial de Chorente. Cando a actividade principal cesou porque tamén deixaron de asinarse os convenios coa Xunta de Galicia que cofinanciaban estes aproveitamentos, a sociedade mantivo temporalmente tan só a xestión dunha explotación de gando cabrún. Finalmente, fai uns tres anos, a explotación gandeira tamén abandonou a súa actividade e a empresa cesou completamente no exercicio da actividade que constituía o seu obxecto social.

II. Fundamentación xurídica.

O Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital regula no Título X, artigos 360 e seguintes, a disolución e liquidación das sociedades. Concretamente, o artigo 362 sinala que “As sociedades de capital disolveranse pola existencia de causa legal ou estatutaria debidamente constatada pola xunta xeral ou por resolución xudicial”. Así mesmo, o artigo 363 establece as “causas de disolución”, declarando que:

1. A sociedade de capital deberá disolverse:

- a) **Polo cesamento no exercicio da actividade ou actividades que constitúan o obxecto social. En particular, entenderase que se produciu o cesamento tras un período de inactividade superior a un ano.**
- b) Pola conclusión da empresa que constituía o seu obxecto.
- c) Pola imposibilidade manifesta de conseguir o fin social.
- d) Pola paralización dos órganos sociais de modo que resulte imposible o seu funcionamento.
- e) Por perdas que deixen reducido o patrimonio neto a unha cantidade inferior á metade do capital social, a non ser que este auméntese ou se reduza na medida suficiente, e sempre que non sexa procedente solicitar a declaración de concurso.
- f) Por redución do capital social por baixo do mínimo legal, que non sexa consecuencia do cumprimento dunha lei.
- g) Porque o valor nominal das participacións sociais sen voto ou das accións sen voto excedese da metade do capital social desembolsado e non se restablecese a proporción no prazo de dous anos.
- h) Por calquera outra causa establecida nos estatutos.

Número 1 do artigo 363 redactado polo número vinte do artigo primeiro da Lei 25/2011, de 1 de agosto, de reforma parcial da Lei de Sociedades de Capital e de incorporación da Directiva 2007/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de xullo, sobre o exercicio de determinados dereitos dos accionistas de sociedades cotizadas («B.O.E.» 2 agosto). Vixencia: 2 outubro 2011.

2. A sociedade comanditaria por accións deberá disolverse tamén por falecemento, cesamento, incapacidade ou apertura da fase de liquidación no concurso de acredores de todos os socios colectivos, salvo que no prazo de seis meses e mediante modificación dos estatutos incorpórese algún socio colectivo ou se acorde a transformación da sociedade noutro tipo social.

Número 2 do artigo 363 renumerado polo número vinte do artigo primeiro da Lei 25/2011, de 1 de agosto, de reforma parcial da Lei de Sociedades de Capital e de incorporación da Directiva 2007/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de xullo, sobre o exercicio de determinados dereitos dos accionistas de sociedades cotizadas («B.O.E.» 2 agosto). Correspóndese co anterior número 3 do mesmo artigo. Vixencia: 2 outubro 2011

En canto ó acordo de disolución, o artigo 364 establece que **“nos casos previstos no artigo anterior, a disolución da sociedade requirirá acordo da xunta xeral adoptado coa maioría ordinaria establecida para as sociedades de responsabilidade limitada no artigo 198, e co quórum de constitución e as maiorías establecidas para as sociedades anónimas nos artigos 193 e 201.**

Acordada a disolución ábrese o proceso de liquidación da mesma que concluirá coa total extinción da sociedade. Niste tempo a sociedade quedará en estado de liquidación.

Coa disolución da sociedade, que se inscribirá no Rexistro Mercantil mediante escritura pública, e a apertura do proceso de liquidación, cesan as facultades de representación dos Administradores da sociedade. Salvo que os estatutos da sociedade establezan outra cousa ou que se nomee liquidadores a outras persoas no acordo de disolución, exercerán como liquidadores as mesmas persoas que ata esa data tiñan o carácter de Administradores da sociedade que deberán formar un inventario e un balance da sociedade cerrados na data en que se acordou a súa disolución. No caso que nos ocupa, os estatutos da empresa Medio Ambiental Alaricana limitáanse a declarar que “a disolución e liquidación rexerá polo disposto no capítulo X da Lei de Sociedades de Responsabilidade Limitada (artigo 28 dos estatutos sociais). A remisión legal, actualmente, enténdese feita ó Título X, artigos 360 e seguintes, do Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital.

Polo exposto,

Formúlase a seguinte,

II. PROPOSTA:

A Xunta Xeral da sociedade Medio Ambiental Alaricana, SL ACORDA:

PRIMEIRO. Disolver a sociedade por concorrer causa legal de disolución **polo cesamento no exercicio da actividade ou actividades que constitúan o obxecto social. En particular, entenderase que se produciu o cesamento tras un período de inactividade superior a un ano** (art. 363.1 a) do TRLSC.

SEGUNDO. Abrir o proceso de liquidación da mesma que concluirá coa total extinción da sociedade.

TERCEIRO. Cesar a D. Bernardo Varela López como administrador único da sociedade.

CUARTO. Nomear a D. Bernardo Varela López liquidador da sociedade que deberá formar un inventario e un balance da sociedade cerrados na data en que se acordou a súa disolución, con todas as facultades e atribucións previstas no capítulo II do Título X do Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital

7. Rogos e Preguntas.

Polo **grupo municipal socialista, presentáronse por escrito** as seguintes, das que da conta a propia portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba:

7.1 Nesta pasada Semana Santa o Concello de Allariz puxo en marcha un programa denominado "Semana Santa ao Vivo". En relación coas actividades das programadas é preciso coñecer:

- A cómo ascendeu o custe para as arcas municipais das actividades de "música de rúa"?
- Cál foi o nivel de participación nas actividades de coio planificadas, visitas e afluencia aos nosos museos?
- Cáles eran os requisitos establecidos pola Administración municipal para poder participar no mercado de artesanía, no mercado da reserva da biosfera e no mercadiño do libro vello?

Responde o Alcalde sinalando que sobre o custe para as arcas municipais tivo un custe de 2.100 euros que se corresponde a un pago de 150 euros por integrante da agrupación que participa e tendo en conta que estamos a falar de grupos amateur que teñen por obxectivo ambientar as rúas de Allariz.

En relación ao que son as cifras de participación estanse procesando todos os datos de Semana Santa que tivo unha afluencia masiva, mesmo se batiron records este ano, só nos museos municipais foron 1.411 as entradas despachadas (793, museo do Xoguete, 342 no museo do Coiro, 276 no museo da moda) superándose as cifras de anos anteriores. En relación a outras actividades non hai cómputos sobre a presenza de visitantes en mercados, mais alá de destacar que tiveron unha afluencia masiva.

En relación ó mercado da reserva de biosfera é un funcionamento ordinario dese mercado que ten por obxecto comercializar produto local de calidade en base a unha petición previa ó propio concello, polo tanto non houbo ningunha selección específica para esas datas, mais que os propios postos que están habitualmente tódalas semanas, tódolos sábados nos mercados, son os que estiveron abertos o venres e sábado de semana santa.

En relación aos outros dous mercadiños que abriron, o lo libro vello tivo unhas bases que estiveron publicadas establecendo unha serie de requisitos, tanto se eran particulares como se foran libeiros e atendendo esas peticións de acordo con estas bases e requisitos mínimos que tiñan que cumprir para que a feira respondera ós obxectivos marcados foron seleccionados os participantes.

En relación ó mercado de artesanía celebrado no patio do Museo do Coiro, foi a través da Asociación de Artesáns de Allariz a que escolleu os artesáns que participaron que teñen un carácter local ó contrario do que ven sendo arte de mán que se celebra no mes de setembro organizada directamente polo propio concello e polo tanto quen fai a selección.

7.2 Tamén nesas datas andaban percorrendo as rúas do casco vello uns mozos/as realizando unha enquisa para o concello de Allariz:

- Cál era o contido da mesma?
 - Cáles foron os resultados e conclusións definitivas destes traballos de sondaxe?
- Cómo se fixo o proceso de selección dos enquisadores/as?

Responde o Alcalde sinalando que responde a unha colaboración que ten o concello de Allariz coa Escola de Turismo da Universidade de Vigo coa que vimos colaborando recibindo alumnos en prácticas neste caso en relación co sector turístico que, para nós, ten moita importancia. O que pretendía recoller a enquisa era o grao de calidade e satisfacción turística por parte dos visitantes. Estanse procesando eses datos, aínda sen rematar porque foron mais de 300 as enquisas feitas a pé de rúa durante eses días, pero pode destacarse que moitos visitantes nos vistan en bases á recomendación, o cal é moi indicativo do grao de satisfacción da súa estadia. Datos como que un 94% recomendaría visitar Allariz, ou tamén sobre o grao de satisfacción (alto, medio ou baixo) un 94% declara un grao alto. Os datos, unha vez procesados, daranse a coñecer en canto estén dispoñibles, pero tamén se sabe que un 71% dos visitantes non era a primeira vez que viñan o cal revela o grao de fidelización. En canto á escolla de alumnos para facer este traballo tiña que ter un compoñente, dado o tipo de preguntas que se facían, debían ser persoas coñecidas de Allariz, por eso se recurriu a este criterio de colaboración coa Escola de Turismo para esta selección.

7.2 ROGO: Que de maneira urxente se acometa por parte do Concello de Allariz un plan urxente der roza e acondicionamento das principais rutas de sendeirismo que percorren o noso concello, principiando nomeadamente polas ribeiras do noso río, xa que a día de hoxe a maleza dificulta enormemente a práctica de calquera tipo de camiñada ou práctica deportiva ou de lecer. Sorpréndelle ver, sobre todo nas zonas de O Briñal, que deberían estar un pouco mellor acondicionadas.

Responde o Alcalde sinalando que hai unha amplísima rede de rutas de sendeirismo e resulta bastante habitual que en primavera, dado o desenvolvemento tan rápido da vexetación, tamén coincidindo coa celebración da andaina no mes de maio é cando se fai o proceso mais intenso de desbroce e limpeza das rutas; os tramos mais urbanos do río están mais practicables, de todos xeitos tómase en consideración este rogo porque o patrimonio natural é un dos atractivos de Allariz.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás catorce horas e vintedous minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO